

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: RECOMENDACIÓNS PARA O SECTOR DO TAXI COMO CONSECUCENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19

EXPEDIENTE:2020/G003/000721

ANTECEDENTES:

Como consecuencia da pandemia do Coronavirus COVID-19 o Goberno do Estado ditou o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, de declaración do Estado de Alarma.

As consecuencias desta declaración son moitas e afectan os distintos sectores da actividade económica, nuns casos pechando a actividade e, noutros casos, implementando medidas de protección.

O sector do taxi é un dos servizos que, a pesares de continuar funcionando, ten que adoptar determinadas medidas de protección que contribúan a frear a expansión da pandemia.

Por todo o exposto, esta Alcaldía no uso das atribucións conferidas pola lexislación de réxime local, particularmente Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, durante a duración do Estado de Alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo,

RESOLVO:

Primeiro.- Manter o servizo de taxi ao 50%. Deste modo estableceranse quendas rotativas de xeito que a metade das e dos taxistas, preste o servizo en días pares e a outra metade en días impares.

Segundo. Soamente se permite a prestación do servizo de taxi para os servizos seguintes:

- Adquisición de alimentos, produtos farmacéuticos e de primeira necesidade.
- Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.
- Desprazamento ao lugar de traballo para efectuar a súa prestación laboral, profesional ou empresarial.
- Retorno ao lugar de residencia habitual.
- Asistencia e coidado a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.
- Desprazamento a entidades financeiras e de seguros.
- Por causa de forza maior ou situación de necesidade.
- Calquera outra actividade de análoga natureza que se fará individualmente, salvo que se acompañe a persoas con discapacidade ou por outra causa xustificada.

Terceiro.- Deberá extremarse a hixiene no vehículo adscrito o servizo de taxi e para elo adoptaranse as seguinte medidas:

- Levar a cabo unha limpeza do interior dos vehículos antes de empezar a ofrecer cada

servizo para que o vehículo estea suficientemente desinfectado.

- A limpeza farase con líquido desinfectante, prestando relevante atención aos tiradores, asentos, cintos, apoia brazos e aquelas zonas propensas a ser tocadas polas usuarias e usuarios. Despois de cada servizo, ventilar o vehículo. Así mesmo o vehículo limparase por fora de xeito puntual.

Cuarto. Aconséllase que unicamente se permita o pago por medios telemáticos, suprimindo a opción de pago en efectivo, para dese xeito eliminar o contacto directo.

Quinto. O condutor ou condutora deberá adoptar medidas de autoprotección e, particularmente, as seguintes:

- Utilizar luvas e mascarar (na medida do posible) durante o servizo.
- Contar con líquido desinfectante no vehículo.
- Demais recomendacións aportadas nestes días polas autoridades, como poden ser lavar as mans coa maior frecuencia posible, non tocar ollos, nariz ou cara, evitar o contacto directo coas usuarias e usuarios e tamén cubrir a boca e o nariz co cóbado á hora de tusir ou esbirrar.
- No caso de ter síntomas poñerse en contacto coas autoridades sanitarias a través do número de teléfono 900 400 116 e illarse ata ter coñecemento do resultado, comunicando ao Concello de Ames a súa situación, así como ao colectivo que o represente.

O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo